



 Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos que debe cumprir a botica de primeiros auxilios obrigatoria exixida na actualidade nas embarcacións da frota de baixura e a certificación anual da súa idoneidade (doc. núm. 33172).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa: Onde di: "... a posibilidade de revisión anual dos mesmos nas farmacias do país.", debe dicir: "... estudar a posibilidade de que a súa revisión anual se poida realizar nas farmacias do país."

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 19/09/2018 16:41:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2018 16:41:19

Á Mesa da Comisión 8ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a actuación da Xunta de Galicia destinada a iniciar unha campaña de información sobre os métodos de eliminación do parasito *anisakis*, tanto nas lonxas e puntos de venda como a través de elementos especiais na corporación pública, co obxectivo de eliminar os prexuízos que as alarmas inxustificadas producen no sector (doc. núm. 34153).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir despois de: "... corporación pública ...", e entre paréntese a seguinte expresión: "... (radio e televisión de Galicia), ..."

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 19/09/2018 16:41:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2018 16:42:04

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Soraya Salorio Porral, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-002292 (28954)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o inicio das obras do Plan de rexeneración da ría do Burgo e a recuperación dos bancos marisqueiros, así como a súa dragaxe e todas as actuacións necesarias para o seu saneamento integral

Emenda de modificación

- Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:
- “Reclamarlle ao Goberno do Estado que execute no máis breve prazo de tempo posible as partidas económicas incluídas nos Orzamentos Xerais do Estado do 2018 e o calendario de actuacións, e que fixe prazos reais -a través do BOE e do DOG- que permitan o inmediato inicio das Obras do Plano de Rexeneración da Ría e Recuperación dos bancos marisqueiros, así como o seu dragado, tratamento, limpeza de lodos e todas as accións necesarias para o seu saneamento integral”.
- Instar ao Goberno do Estado a incluír, dentro do proxecto de dragaxe, orzamento suficiente para paliar a falla de ingresos do colectivo de mariscadores e mariscadoras durante o proceso de execución da dragaxe.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 17:17
Nº Rexistro: 37145
Data envío: 19/09/2018 17:17:40.342

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2018 17:09:07

María Soraya Salorio Porral na data 19/09/2018 17:09:43